WIKIPEDIA

Aulostomidae

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Aulostomus é o único xénero de peixes mariños da familia **Aulostomidae**, incluídos na orde Syngnathiformes. Distribúense por augas tropicais do Atlántico, Índico e Pacífico.[2]

O seu nome procede do grego: *aulos* (frauta) + *stoma* (boca),[3] pola forma tan alongada da súa boca. Aparecen por primeira vez no rexistro fósil no Eoceno inferior, durante o Paleóxeno (era Cenozoica).[4]

Aulostomidae

Rango fósil: Eoceno-Recente

PreЄ Є O S D C P T J K PgN

Aulostomus maculatus

Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Actinopterygii
Subclase:	Neopterygii
Infraclase:	Teleostei
Superorde:	Acanthopterygii
Orde:	Syngnathiformes
Familia:	**Aulostomidae**
Xénero:	***Aulostomus*** Lacepède 1803

Especies

ver en el texto

Sinonimia

- *Aulostamus*
- *Aulostoma*
- *Polypterichthys*
- *Solenostoma*[1]

Índice

Morfoloxía

Teñen un corpo comprimido e moi alongado, cunha lonxitude máxima rexistrada de 100 cm,[5] pel con escamas; a mandíbula inferior con barbas carnosas na punta; ben desenvolvida a liña lateral; a musculatura do corpo está soportada por postes óseos que parecen entrelazados, cunhas 60 vértebras.[2]

Teñen unha serie de 8 a 12 espiñas dorsais illadas precedendo a aleta dorsal contendo de 23 a 28 raios brandos; aleta anal con 25 a 28 raios brandos; as aletas pélvicas están situadas lonxe do ano; a aleta caudal é redondeada.[2]

Hábitat e modo de vida

Normalmente atópase sobre arrecifes xunto a grandes peixes herbívoros ou en orientación vertical coa cabeza boca-abaixo, axexando así camuflados entre algas para capturar pequenos peixes e crustáceos.[2]

Especies

Existen só 3 especies nesta familia e xénero:[6]


A. maculatus.

- Familia Aulostomidae:
  - Xénero *Aulostomus*:
    - *Aulostomus chinensis* (Linnaeus, 1766)
    - *Aulostomus maculatus* (Valenciennes, 1841)
    - *Aulostomus strigosus* (Wheeler, 1955)

Notas


A. chinensis.

1. Bailly, N. (2014). Aulostomus Lacepède, 1803. In: Froese, R. and D. Pauly. Editors. (2014) FishBase. Accessed through: World Register of Marine Species at http://www.marinespecies.org/aphia.php?p=taxdetails&id=205363 Consultado o 26 de outubro de 2014.
2. Nelson, J.S. (1984). John Wiley & Sons, Inc., ed. *Fishes of the world (en inglés)* (2ª edición ed.). New York. pp. 523 p.
3. Romero, P. (2002). unpublished, ed. *An etymological dictionary of taxonomy*. Madrid.
4. Berg, L.S. (1958). VEB Verlag der Wissenschaften, ed. *System der rezenten und fossilen Fischartigen und Fische (en alemán)*. Berlín.
5. http://www.fishbase.org/references/FBRefSummary.php?ID=26340
6. Sistema Integrado de Información Taxonómica. "*Aulostomidae* (TSN 166409)" *(en inglés)*.

- Modelo:FishBase family

Véxase tamén


Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Aulostomidae***


Wikispecies posúe unha páxina sobre: ***Aulostomidae***